



ACTA ASAMBLEA XERAL ORDINARIA

As persoas que á marxe se nomean, convocadas en tempo e forma, reúnense o **Sábado día 26 de Febreiro de 2022** vía telemática para trataren a seguinte

ORDE DO DÍA

- 1.- Lectura e aprobación, se procede, da acta anterior.
- 2.- Presentación e aprobación, se procede, das contas 2022.
- 3.- Modificación do calendario 2022.
- 4.- Axudas a deportistas de Alta Competición.
- 5.- Gastos de cea e aloxamento en competicións a dous días seguidos.
- 6.- Horario de verán en competicións Mar-Costa.
- 7.- Nacionais 2022.
- 8.- Informe do Presidente.
- 9.- Premios honoríficos Gala da Pesca Deportiva 2022.
- 10.- Rogos e preguntas.

O Presidente informa, antes de dar comezo coa xuntanza, que segundo o art. 40 do Real Decreto-Lei 8/2020 e o Real Decreto-Lei 3/2020 as asembleas por videoconferencia non son posibles despois de decembro 2021, salvo que por carácter urxente e tras votación dos asistentes se decida realizar. Non habendo obxeccións queda aprobada por unanimidade o desenvolvemento da asemblea.

O Presidente abre a xuntanza ás 10:10 horas do día sinalado no encabezamento.

A Deportista Pilar Rey fai constar un erro nas anteriores actas no seu segundo apelido que será corrixido para as vindeiras actas.

1.- Lectura e aprobación, se procede, da acta anterior.

Remitida a tódolos presentes por correo electrónico xunto coa convocatoria e non habendo obxeccións queda aprobada por unanimidade.

2.- Presentación e aprobación, se procede, das contas 2022.

Remitidas a tódolos presentes por correo electrónico xunto coa convocatoria, Non habendo obxeccións, quedan aprobadas por unanimidade.

3.- Modificación do calendario 2022.

Remitido por correo electrónico xunto coa convocatoria, débatese a posibilidade de modificación dalgunha data.

Non habendo obxeccións, quedan aprobadas por unanimidade.

D. Manuel Mouzo Méndez

Presidente

D. Javier Méndez Alonso

Pte. Comité Salmónidos

D. Ramón Souto Perez

Tesoureiro

Subdelegado A Coruña

Pte. Comité Mar Rocha e Embarcación fondeada

D. Gabriel Fernández Vázquez

Delegado Ourense

Delegado Pontevedra

D. Pedro Bolaño Pérez

Pte. Comité de Auga Doce

Pte. Comité Mar Costa/Corcheo e Spinning

D. Juan Manuel Castro Fuentes

Secretario

ESTAMENTO DE XUÍCES

D. Pablo de Andrés Vales

ESTAMENTO DE DEPORTISTAS

Dña. Pilar Rey Silva

D. Lázaro Benítez Mouriño

D. David Barreiro

D. Óscar Arosa García

ESTAMENTO DE CLUBS, SOCIEDADES E ASOCIACIÓNS

D.Kiko Campelo

Asoc. Deportiva O Escarapote



D. Juan Manuel Castro Fuentes

S.P.D. Neria

D. Alberto M. López Redondo

Asoc. Dep. "Peña O Rodaballo"

D. Victor Ferreiro Fariña

Spinning Nordés

D. Carlos Bermúdez Barros

Club de Pesca O Capote

D. Juan Manuel Pérez Muiño

Sociedade de Pesca Río Mandeo

D. Julián González López

Sociedade de Pesca O Cormorán

D. José Guzmán Antelo

Sociedade de Caza e Pesca Azor

4.- Axudas a Deportistas de Alta Competición.

Debido a suba dos gastos nas Competicións, O Presidente informa que a Xunta Directiva aprobou unha suba de 200€ a 500€ nas axudas aos Deportistas de Alta Competición. Non habendo obxeccións, a proposta queda aprobada por unanimidade.

5.- Gastos de cea e aloxamento en competicións a dous días seguidos.

Para facilitar a participación nas competicións a dous días seguidos, a Xunta Directiva aprobou que a FGPeC asuma os custos de cea e durmida dos Deportistas. Non habendo obxeccións, a proposta queda aprobada por unanimidade.

6.- Horario de verán en competicións Mar-Costa.

O Presidente propón modificar o horario de remate das competicións de Mar-Costa e rematar as 00:00h cando estea vixente o horario de verán. Tras debate dos asistentes e non habendo obxeccións, a proposta queda aprobada por unanimidade.

7.- Nacionais 2022.

Debido a que os escenarios de Spinning, pesca dende rocha e Corcheo Mar son este ano en Ceuta, Baleares e Melilla respectivamente, e debido ao acordo existente en Asemblea Xeral sobre a non participación en competicións nacionais que se desenvolvan fóra da península, propónse que nas modalidades nas que exista Alta Competición, os deportistas de Alta que queiran participar para non perder esa condición, reciban a axuda dos 500.- € que lles correspondería como deportista de Alta, aprobada pola Asemblea Xeral no punto 4 da orde do día, e

asuman eles tódolos gastos derivados da súa participación. En todo caso, so se inscribirán para esas competicións a deportistas que teñan a condición de Alta. Non habendo obxeccións, a proposta queda aprobada por unanimidade.

8.- Informe do Presidente.

O Presidente sobre as últimas novidades relacionadas coa FEPyC.

O Presidente fai balance do ano deportivo 2021 considerando que en liñas xerais foi bo, con varias medallas de bronce en distintas disciplinas, tanto Nacionais coma Internacionais.

O Presidente mostra o seu agradecemento a toda axuda exterior que está a colaborar de maneira desinteresada coa FGPeC.

9.- Premios honoríficos Gala da Pesca Deportiva 2022.

O Presidente propón outorgar un premio honorífico a D. Víctor Serantes Chantada pola súa labor desinteresada na FGPeC ao longo de moitos anos. Non habendo obxeccións, a proposta queda aprobada por unanimidade.

10.- Rogos e Preguntas.

Víctor Ferreiro mostra o seu malestar e indignación pola sabotaxe que a FEPyC está a facerlle a FGPeC levando competicións fora da península.



Fálase doutros temas de diversa índole, sen que se medie solicitude expresa de facer constar en Acta.

Esgotada a ORDE DO DÍA, o Presidente da por rematada a Asemblea as 11:47h

Eu coma secretario dou Fe.



Asdo: Juan Manuel Castro Fuentes
Secretario

Vº e Prace:
Manuel Mouzo Méndez
Presidente